


Baldomero Iglesias: "Hai que cargar as pilas da esperanza"

"Non é posible que os únicos parámetros hoxe no mundo sexan os economicistas"

15-12-2011 15:02



S. R. - Pontevedra

Sabela Arias, Mini Rivas, David Otero, Xulio Xiz, Alfonso García Sanmartín e Alfonso Blanco foron algúns dos artistas, músicos, escritores e en xeral representantes da cultura galega que onte acompañaron a Baldomero Iglesias, Mero, na presentación do seu novo libro de poemas.

€"No papel que mudo escoita" resume o seu traballo de varios anos...

€Si, é un libro de poemas que escribín ao longo de varios anos e despois é o resultado dunha selección, dunha peneira que fixeron dous amigos meus aos que lles pasei mais de 1.000 poemas porque eu escribo moita poesía, gústame moito facelo porque é unha terapia moi boi que eu lle aconsellaría a moita xente e aínda que a poesía é minoritaria eu escribo moitos poemas e dinlle un lote deles aos amigos para que escolleran os que máis lles gustaban. Cada un elixiu uns cen e algúns máis son selección propia, escollinos eu porque pensei que tiñan que estar no libro. En total van uns 350 poemas nesa obra.

€Que temas trata?

€Pois vaille de todo, de amigos, de amigas, de lembranzas, de lugares, de recantos, de desexos, de ausencias, incluso un atrévase, comete a osadía, de imaxinar un futuro que é moito máis bonito, máis cheo de cores, con menos miserias e desigualdades e menos pobreza. E ás veces a poesía é un argumento moi bo para preconizar tempos mellores.

€Son estes tempos de cargar as pilas da esperanza?

€É necesario cargar as pilas para a esperanza, e decir, eu non creo en tanta maldade que se di, en que os únicos parámetros que haxa hoxe no mundo sexan os financeiros e economicistas porque estaríamos acabados. Xesucristo, e os cristianos están ben enterados disto, aos primeiros que botou do templo foron aos mercaderes porque sabía perfectamente que eran os que ían rachar as harmonías e as relacións humanas.

€Logo nestes 2000 anos non aprendemos tanto

€Non nos chegou a nada, como que tropezamos non dúas veces senón miles e miles de veces nas mesmas pedras.

€Foi vostede un dos fundadores de Fuxan os Ventos e hoxe é membro do grupo A Quenlla...

€Gustame ser cantor porque a palabra tamén foi deturpada e deteriorada infinitas veces, arredada, a verba cando se emprega en defensa propia, cando a boca non somentes serve para mastigar senón tamén para expresar emocións e sentimentos, pode ser conflictiva. E eu hoxe sigo exercendo de cantor.

€Resulta inevitable preguntarlle polas dúas facetas e a vinculación entre música e poesía

€A de cantor e a de poeta son dúas facetas arredadas incluso moito da faceta educacional que se persegue hoxe: na palabra estúdanse estruturas, a Chomsky e como se montan as oracións, como se desmembran as palabras; na música tamén se explica moita técnica e moita teoría pero o fundamental o papel dos libros non o dan expresado, se o profesor non o posúe por dentro, esa capacidade expresiva, comprensiva, expositora, ese xeito persoal e intransferible de expresar as cousas e emocionarnos con elas, ese ser cantor para dicir o que levas dentro e expresalo coa túa propia voz e cos teus propios desafines se é preciso para que vibren as cordas entrañables dos que te escoiten, entón non somos ninguén, quedamos en pura teoría que nin val para que os nosos alumnos sexan bos escritores ou bos relatores porque non comenzarán por amar o bonito desta vida.

[Compartir en Twitter](#)

[Compartir en Facebook](#)